

Reunión Interbarrios 26-03-2012

Online

Asisten: Comunicación, Monte Alto, Agra, Ria, Indignados Cambre
Asamblea da Ría

Orden del día:

1. Información Barrios
2. Información Grupos transversales
3. Varios

1. Información Barrios

Información Monte Alto:

- Se acuerda por unanimidad secundar el comunicado que propone el nodo en Coruña de Democracia Real Ya sobre la imposibilidad de gestionar en estos momentos un encuentro a nivel estatal en la ciudad.

- Se acepta la propuesta de hacer la próxima Xuntanza el día 21, centrando el orden del día exclusivamente en la elaboración del protocolo.

- Sobre las actas de IB: se acepta que no aparezcan nombres y sólo se reflejen acuerdos, pero no se apoya la medida de leer el acta después de la reunión (se prefiere el sistema actual).

- Huelga:

1) Se propone secundar la manifestación de los sindicatos minoritarios (CGT, CUT), llevando la pancarta de la Rede.

2) Debate sobre participar en piquetes con el distintivo de la asamblea: 2 personas en contra, 10 a favor.

3) No se apoya la propuesta de hacer una asamblea el día de la huelga a las 9h.

- **12 de Mayo:** se considera que el recorrido propuesto por la asamblea Obelisco para la manifestación es excesivamente largo, y se propone que se tenga en cuenta efectuar la salida desde Pza. Pontevedra o Pza. Ourense.

- **15 de Mayo:** se apoya realizar acciones en el Obelisco, se habla de conciertos, proyección de vídeos y hacer alguna asamblea.

[Un par de añadidos que surgieron durante la reunión de hoy del grupo de trabajo de Monte Alto y que se acordaron subir al pad aprovechando que todavía no estaba cerrado:

- 1) Se propone la planificación de un boicot contra Inditex, elaborar una campaña de concienciación de los abusos de todo tipo que lleva a cabo esta empresa.
- 2) Se insiste al resto de asambleas para que se pronuncien al respecto de la decisión (fundamentada en los argumentos aportados en anteriores reuniones de Interbarrios) de Monte Alto y Agra de dejar de trabajar con Mallos.]

ASAMBLEA DA RÍA:

- 1) Reunión con la Plataforma SOS Sanidade Pública: el martes pasado nos reunimos con Moncho, de la plataforma, para charlar sobre el punto de vista de la Asamblea. Para no alargar demasiado esta acta, hemos enviado por correo a la Lista de IB las conclusiones que hemos extraído de esta reunión.
- 2) Sobre el comunicado de DRY Coruña sobre la imposibilidad de organizar un encuentro a nivel estatal, si bien no nos gusta mucho la forma del comunicado, sí estamos de acuerdo con el contenido, y por lo tanto lo apoyamos.
- 3) En relación al acto sobre la República del Ateneo Republicano: Dado que en la II Xuntanza se comenzó a hablar del tema, pero no se profundizó ni se llegó a una posición común, pensamos que es mejor tener más información antes de decidir si participamos activamente como Rede. En cualquier caso, apoyamos la asistencia, independientemente de que hablemos o no como Rede.
- 4) **Huelga:**
 - a. Como ya adelantamos la semana pasada, apoyamos la emisión del comunicado denunciando la división de luchas
 - b. Estamos de acuerdo en llevar la pancarta de la Rede, y proponemos, aunque se decida llevar alguna más, llevar la que hemos utilizado desde un principio “Por una saída social á crise”
 - c. Lamentamos la actitud de la CIG que ha ocasionado que se divida aún más las protestas de algo tan importante como una huelga general, ya que venimos defendiendo la unidad de las luchas, como es el caso de la plataforma Coruña en Loita. Ante esta división, también hemos aprobado secundar la manifestación de los sindicatos minoritarios
- 5) El miércoles pasado hubo una nueva reunión con los compañeros de la Plataforma de Afectados por el AVE, en el entorno del transporte. En este punto, también se apoyó, y participó la gente que pudo, en el acto organizado por la Plataforma pola Mobilidade en Culleredo.

Información Agra:

0.-TROCO 17 de marzal

- O **tempo** (climatolóxico) non acompañou polo que non houbo tanta xente como no anterior. Con todo, grazas a montar o "chiringo" podemos desenvolver a actividade sen demasiados incidentes.
- Nesta ocasión, coma no primeiro troco, a **valoración** xeral é moi **positiva**, xa que se achegou un

número importante de personas para interesarse polo troco (poidemos falar con elas sobre o propio mercadillo, decrecemento, sostenibilidade... dunha maneira próxima, sinxela e individualizada). Ademais houbo moitas personas que repetiron e, polo tanto, coñecían as normas e o obxectivo da actividade.

- Estiveron presentes varios **compañeirxs de MA**, que nos achegaron os obxectos para o troco, e unha delas acompañounos durante toda a xornada para recoller sinaturas para a ILP de sanidade. (quedounos pendente preguntarlle cuántas sinaturas recollera durante esas dúas horas).

- Non chegamos a facer a **charla** xa que durante os días anteriores, os/as compoñentes do grupo da Agra non puidemos (por motivos persoais) traballar na tarefa de reducir, resumir o texto que xa temos elaborado. Como no troco anterior, cremos que unha boa partes dos contidos da charla que preparamos sí se levan tratado coa xente que se achega ao mercadillo.

- Nesta ocasión, como esperábase, repetiuse un caso de "**picaresca**" (mal uso do troco). Actuamos de maneira rápida e tal e como tiñamos acordado no grupo.

- Houbo varios **medios de comunicación** que viñeron a cubrir a noticia. Nesta ocasión entrevistáronnos para o Ideal Gallego, polo que poidemos explicar cal é o obxectivo desta actividade, ademais de darlle difusión (tanto ao que se fai en Agra como aos de Monte alto e Arteixo).

1.- Plataforma aforro público

Solicitamos máis información sobre esta plataforma. En calquera caso, se as demais asembleas queren, nós non bloqueamos.

2.- Manifa Sos Torre Hércules.

Pleno apoio ás iniciativas. Colaboraremos pegando cartaces e tentaremos ir á manifestación

3.- Mesa redonda (Sindicatos)

Se o grupo de laboral se sente con confianza, teñen pleno apoio e confianza da nosa asemblea.

4.- Acto Ateneo Republicano:

Por nós apóiase como Rede.

5.- Reunión estatal DRY + 15M decidido po CA de maneira unilateral...

Desmarcámonos. Subscribimos o texto.

6.- Iniciativa para o 29 de marzo: lanzar octavillas.

Gostaríamos de coñecer o texto das octavillas para podermos decidir sobre a posibilidade de que vaia en nome do 15M ou non.

7.- Folga:(consenso, 6 votos)

a) Imos como Rede + pancarta.

b) A Rede debería acudir á de CUT e CGT (minoritaria)

c) Denunciamos división entre os sindicatos. Enviar comunicado "que tipo de imaxe dan os sindicatos que queren loitar a favor dos dereitos dos traballadores e traballadoras e non son quen de unirse para facer unha soa e masiva manifestación".

d) Non estamos de acordo con facer piquetes ao pequeno comercio. Só estamos de acordo cos piquetes informativos. Estamos en desacordo con facer unha asemblea o día da folga Non se deben facer en nome da REde.

e) Proponse a posibilidade de repartir octavillas, antes do 29 de marzal, con mensaxes en prol do paro: únete á folga, non consumas...

8.- Proposta

O noso grupo de traballo, por consenso, súmase á proposta que Monte Alto realizou hai quince días en IB, de que o resto das Asembleas se pronuncie sobre o feito de que outras dúas asembleas decidíramos deixar de traballar cos Mallos.

Apóiase o comunicado 1 proposto polo grupo de comunica

Información Indignados CAMBRE

1-Apoyamos la manifestación de los Torre de Hercules así como la concentración convocada por la plataforma polo aforro público. La mesa redonda sobre la reforma laboral nos parece buena idea y también la apoyamos como rede.

2- Sobre la huelga general estamos de acuerdo en ir con los sindicatos minoritarios, y apoyamos hacer un comunicado criticando la división de los sindicatos pero no apoyamos hacer una asamblea en el Campo de Marte a las 9. También estamos de acuerdo con los piquetes informativos.

3- Sobre la Xuntanza nosotros también apoyamos hacerla el día 21 y como orden único del día PROTOCOLO.

4-Sobre la propuesta del Ateneo Republicano para el 14 de abril estamos de acuerdo en apoyarlo como rede.

5-Apoyamos la propuesta de obelisco para el 12 de mayo y trataremos de aportar ideas.

6 Tema Mallos :seguimos pensando que no queremos que hablen en nombre de la rede y que si siguen causando problemas tendremos que empezar a pensar en desvincularnos de ellos.

7-Estamos empezando a trabajar en una encuesta sobre el pequeño comercio en la zona así como en la recogida de firmas para la ILP.

2. Información Grupos transversales

Información Comunicación:

- Iniciado o contacto con 15M Santiago e Ferrol, e tentando retomalo con Arteixo, Palavea e Betanzos.

Optamos polas reunións presenciais na medida do posible porque son mellor método para un contacto fluído, así que xa pediremos axuda ós grupos de barrio. Vos teremos informad@s.

- Nota de prensa e Comunicado para a Folga Xeral do 29.

A nota xa está enviada á prensa e a voltaremos enviar mañán e pasado mañán.

Hai dúas opcións do comunicado, xa están mais ou menos miradas entre Laboral e Comunicación.

Cando aprobedes un comunicado crearemos lo evento no Facebook.

comunicado 1

A Rede de Asembleas da Coruña se suma á convocatoria dos sindicatos cara á folga do día 29 contra a reforma laboral do PP, que ademáis enmarcamos no ataque neoliberal que está a sufrir-la sociedade.

A folga de produción segue a se-lo mellor instrumento de loita dos traballadores, e considerámola fundamental para o comezo da organización da resposta sostida da sociedade contra o neoliberalismo, que contamina un sistema ó que de feito, pouco lle debemos xa trala reforma constitucional pactada a traición polos dous partidos maioritarios, que básicamente entrega o país ás forzas do capital nacional e global, tralos recortes nos servicios públicos á vez que continúan as políticas que favorecen ás grandes fortunas, medidas todas que veñen ordenadas por eses cada vez menos misteriosos "mercados" e trala manifesta inoperancia dun sistema xudicial intervenido polos partidos e o gran capital, que non ofrece garantía algunha ós cidadáns de defensa en cuestións fundamentais de funcionamento democrático e defensa de dereitos básicos.

Tamén se debe considera-lo aspecto da folga de consumo, o outro pilar do sistema productivo; e o verdadeiramente clave, porque a espiral de sobreconsumo é o que realmente mantén o sistema en marcha, e é hoxe por hoxe case a única actividade na que podemos exercer realmente as mínimas liberdades que conservamos. Unha caída do consumo o día 29 sería, ó igual que a caída da produción, un golpe directo ós intereses do capital.

Chamamos a todos os traballadores/as a participar na folga, para que sexa unha protesta da xente, por cima de siglas

Chamamos aos parados/as a que ese día se incorporen aos piquetes e a manifestación, porque eles/as son os principais damnificados dunha reforma que pecha as portas á creación de emprego. Chamamos aos/as estudantes, aos mozos, a participar na folga e aos piquetes porque este goberno condena á mocidade a non ter nin futuro? nin presente.

Chamamos aos xubilados/as e pensionistas a que ese día saian cos folguistas á rúa porque este goberno, como en Grecia, seguirá roubando as xa miserables pensións.

Chamamos aos pequenos/as comerciantes a sumarse á folga dos traballadores, porque o goberno dos banqueiros e a Lei de liberdade de horarios comerciais empúxanlles á ruína.

A necesaria unidade da clase traballadora e o pobo contra as políticas de Reforma Laboral, Recortes Sociais e Privatizacións do goberno non ten a súa contrapartida desde as organizacións sindicais, que, desgraciadamente, convocan manifestacións diferentes. Para a Rede de Barrios e Vilas da Coruña é un erro monumental a guerra de siglas, pondo na obriga aos traballadores e traballadoras de ter que decidir por motivos ideolóxicos ou de siglas.

Acudimos á folga pola loita dos traballadores e non seguindo a ningún colectivo, senón ó seu lado. A mesaxe é simple: non á reforma laboral imposta polo capital. Estamos contra a utilización política por parte de certos sindicatos das reivindicacións dos traballadores, que crean unha división que somentes favorece ós obxectivos burocráticos desas organizacións e ós obxectivos políticos do goberno do PP, entregado a grandes rasgos ó poder financeiro global ó igual que o PSOE. É imprescindible que eses sindicatos se posicionen claramente do lado da clase traballadora, dos precarios, dos sin papeis e por suposto dos parados, abandonen os seus obxectivos secundarios de organización, e movilicen de maneira conxunta as súas forzas para o obxectivo concreto de derrubala reforma laboral primeiro e avanzar despois na reconquista dos dereitos que están a ser eliminados co único criterio de mante-lo expolio á cidadanía que supón o sistema na súa forma actual. A Rede de Asembleas do 15M da Coruña acude ás mobilizacións do lado dos sindicatos minoritarios por identificarnos cos seus obxectivos nesta loita concreta e coa súa actuación

asamblearia. Chamamos a toda a cidadanía da comarca a sumarse tamén á loita participando activamente na folga contra esta reforma laboral inaceptable, a adherirse os piquetes na súa labor informativa, e a participar con CGT e CUT na manifestación o día 29 de Marzo ás 12:30 con saída dende a Praza de Portugal.

Contra os neoliberais e por unha saída social á crise.

15M - Rede de Barrios e Vilas da Coruña

comunicado 2

O 29M todos/as á folga... para empezar!

Dixeron que non subirían os impostos e aos seis días de goberno subíronnos e rebaixáronnos os salarios. Dixeron “Nunca apoiaremos o despedimento máis barato e o recorte das políticas sociais”, e non fixeron máis que chegar para meter máis recortes e decretarnos unha reforma laboral que facilita e abarata os despedimentos, recorta os salarios, precariza o emprego, deixa en mans dos empresarios o dereito a rebaixar arbitrariamente os salarios, modificar as condicións de traballo e facer EREs sen autorización administrativa. Isto non é unha reforma, é un atraco laboral!

E teñen a desvergoña de dicir que hai que acordarse dos parados/as, cando na súa reforma os/as trata coma se fosen delincuentes a quen hai que obrigar a facer traballos sociais. A súa reforma, como o propio Rajoy recoñece, non só non vai crear emprego, senón que prepara 630.000 parados/as máis neste ano.

Cada medida do goberno non é máis que o preludio dunha nova e peor. Acaban de aprobar a reforma e xa falan dunha nova reforma da Lei de folga, ou o que é o mesmo, buscan impedir máis aínda o dereito á folga. Anuncian uns Orzamentos Xerais do Estado que como mínimo (e co permiso da troika europea) recortarán máis de 29.000 millóns de euros.

Deste Goberno dos banqueiros, da Merkel e Sarkozy, non se pode esperar máis que, como en Grecia, medidas de guerra social ao servizo de pagar a débeda dos banqueiros e encher os petos das grandes empresas e multinacionais á conta da miseria dos traballadores/as e o pobo.

Non hai saída se non lles plantamos cara. Por iso a folga xeral do 29-M ten que ser un éxito. O Goberno di que unha folga xeral non vai servir para nada. Xa veremos se serve! O que seguro non serve para nada é o medo, a resignación ou o quedar en casa e esperar a ver, porque se non lles paramos nós/as eles non van parar de enviarnos á ruína.

Os dirixentes de CCOO e UXT, presionados polas folgas xerais que xa estaban convocadas para o 29 de marzo en Euskal Herria, Galiza e Canarias e polas multitudinarias manifestacións do 19 de febreiro, víronse obrigados a convocar a folga xeral. Pero dos que asinaron o pensionazo, dos que cos seus pactos sociais deixaron que cheguemos a perto de seis millóns de parados, dos que asinaron coa CEOE un acordo vergoñoso hai apenas unhas semanas, non podemos esperar nada.

Temos que ser os traballadores/as, desde as empresas, centros de traballo, facultades, Institutos e barrios obreiros, quen garantamos a folga e digamos que imos á folga para botar abaixo esta reforma laboral; para frear os recortes, para esixir un plan de rescate dos traballadores e o pobo. E non para “negociar” co goberno. Que é o que hai que negociar dunha reforma que é unha declaración de guerra social, un atraco a man armada? Non queremos un paro testemuñal, un 29-S sen continuidade algunha. Folga Xeral... para empezar!, pero plan de loita votado en asembleas de centro de traballo e estudo, de barrio e pobo, ata que botemos abaixo a reforma e os recortes.

O 22 de marzo, en Portugal hai unha Folga Xeral, ese plan de loita debe incluír o unirmos aos traballadores do resto do continente para que se convoque unha folga xeral en toda Europa. Ese é o

camiño.

Chamamos a todos os traballadores/as a participar na folga. Chamamos aos parados/as a que ese día se incorporen aos piquetes e a manifestación, porque eles/as son os principais damnificados dunha reforma que pecha as portas á creación de emprego.

Chamamos aos/as estudantes, aos mozos, a participar na folga e aos piquetes porque este goberno condena á mocidade a non ter nin futuro? nin presente.

Chamamos aos xubilados/as e pensionistas a que ese día saian cos folguistas á rúa porque este goberno da Troika, como en Grecia, seguirá roubando as xa miserables pensións.

Chamamos aos pequenos/as comerciantes a sumarse á folga dos traballadores, porque o goberno dos banqueiros e a Lei de liberdade de horarios comerciais empúxanlles á ruína.

A necesaria unidade da clase traballadora e o pobo contra as políticas de Reforma Laboral, Recortes Sociais e Privatizacións do goberno non ten a súa contrapartida desde as organizacións sindicais, que, desgraciadamente, convocan manifestacións diferentes.

Para a Rede de Barrios e Vilas dá Coruña é un erro monumental a guerra de siglas desatada pola negativa dunha organización a ir con as demais (a CIG), nunha soa manifestación, pondo na obriga aos traballadores e traballadoras de ter que decidir por motivos ideolóxicos ou de siglas.

Para a Rede a unidade dos gobernos, do Central e dá Xunta, esixe a maior unidade na loita e dividir á poboación é actuar contra a vitoria fronte aos ataques.

Abaixo a Reforma Laboral e os Recortes Sociais

Folga Xeral e plan de loita ate botarllos abaixo

3. Varios

Noticia que se ha encontrado en el Ideal Gallego: <http://www.elidealgallego.com/articulo/coruna/el-15-m-deriva-en-asambleas-populares-de-barrio-a-las-que-acuden-dos-personas/20120325004422031979.html>